

22300	PRIMEIRA FORESTACIÓN DE TERRAS NON AGRÍCOLAS.
	<p data-bbox="376 276 1458 339"><i>Axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas. Orde do 26 de febreiro de 2009 (DOG 12/03/2009)</i></p> <p data-bbox="719 344 2033 376"><i>PRAZO DE SOLICITUDE ABERTO ata o 12/04/2009 e ata o 12/07/2009 no caso das Uxfor</i></p> <p data-bbox="376 384 573 416">Beneficiarios</p> <p data-bbox="376 421 2033 523">Propietarios particulares e as súas agrupacións, cooperativas agrarias, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas, as comunidades de montes veciñais en man común e as unidades de xestión forestal (Uxfor).</p> <p data-bbox="376 528 2033 671">Todos eles PROPIETARIOS de SUPERFICIES identificadas no SIXPAC como: Forestal, Pasto con Arboredo, Pasto Arbustivo, Zona concentrada non incluída na ortofoto e que ademais cumpran os requisitos de superficie máximos e mínimos en función do tipo de propietario. Tamén poderá actuarse en terras agrícolas abandonadas, entendendo por tales aquelas que non tiveran aproveitamento agrario nos últimos dez anos.</p> <p data-bbox="376 679 819 711">Actividades Subvencionables</p> <ul data-bbox="376 716 2033 818" style="list-style-type: none"> -Repoboación forestal e da área de defensa contra incendios. -Creación de infraestruturas de acompañamento ou obras complementarias de novas repoboacións: peches, apertura ou arranxo de pistas forestais e creación de puntos de auga. <p data-bbox="376 826 472 858">Axuda</p> <ul data-bbox="376 863 1839 965" style="list-style-type: none"> -Ata o 80% do investimento para forestación en zonas desfavorecidas e ata o 70% nos restantes casos. -Gastos de repoboación forestal: máximo de 1.853 €/ha en coníferas e 2.398 €/ha en frondosas. -Infraestruturas de acompañamento: oscilan os máximos entre 3.000€ e 7.000€ segundo actuación. <p data-bbox="376 970 1899 1002">-Primas de mantemento de ata 230 €/ha ou ata 314 €/ha, só no caso de terras agrícolas abandonadas.</p> <p data-bbox="376 1010 618 1042">Unidade xestora</p> <p data-bbox="376 1046 707 1078">SX Recursos Forestais.</p>